

## INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS

### 1. 2ª AVALIACIÓN:

Tal e como se nos pide na Consellería a través das **"INSTRUCCIÓN DO 27 DE MARZO, DIRIXIDAS ÁS DIRECCIÓN DOS CENTROS EDUCATIVOS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO SOBRE A CONCRECIÓN DE MEDIDAS A ADOPTAR EN RELACIÓN COA AVALIACIÓN DO SEGUNDO TRIMESTRE"** mantense o calendario escolar, polo que a segunda avaliación levarase a cabo na data prevista.

Nesta 2ª avaliación hai que ter en conta os seguintes puntos:

- Non serán avaliados os contidos traballados on line (é dicir, os contidos da aula virtual do cole, que puxemos dende o estado de alarma)

#### [Aula Virtual](#)

- Si serán avaliados os contidos traballados ata o momento en que se suspenderon as clases.
- O boletín de notas poderedes velo a partir do **venres 3 de abril ás 14 horas**, a través da aplicación **ABALAR MÓBIL**.

### 2. APLICACIÓN ABALAR MÓBIL

Dada a situación na que nos atopamos é fundamental que instaledes esta aplicación nos vosos dispositivos, móbil ou tablet. Tamén poderedes acceder a través da rede nos vosos ordenadores (para iso necesitades a Chave 365 ou un certificado dixital/DNle) pero non teredes as notificacións e avisos ao momento.

Con esta ferramenta, ademais de ter acceso ás faltas de asistencia e boletín de notas dos vosos fillos/as, será una das canles de comunicación do centro.

Se tedes algún problema ao instalado non tedes máis que avisarnos por whatsapp e o solucionamos.

Información: <https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/nova/abalarmobil>





### 3. VACACIÓNS DE PRIMAVERA

Como o calendario escolar segue o seu curso, o día 3 venres de abril comezarán as vacacións de primavera, volvendo ás clases o martes 14 de abril. Durante estas vacacións non se subirán tarefas á aula virtual.

As clases seguirán sendo virtuais mentres a Consellería non decida o contrario.

Nos vindeiros días teredes novas en referencia á dotación por parte da Consellería de novas ferramentas a centros, familias e alumnado para poder seguir mellor o proceso de ensino- aprendizaxe dende o fogar. Seredes informados polo ABALAR MÓBIL.

A directora:

Lorena Pita Fraga

